

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE EQUINODERMOS, NA MODALIDADE A PÉ, NO PLAN DE XESTIÓN DE EQUINODERMOS A PÉ (PE410A 2024/48-5) DA CONFRARÍA DA GUARDA

ANTECEDENTES

1. A *Orde, do 19 de decembro de 2024*, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027, aproba o *plan de xestión de equinodermos a pé* (PE410A 2024/48-5) da Confraría da Guarda, no que figura un número máximo de nove (9) participantes durante o período de desenvolvemento.
2. O día 20.02.2026, o Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo remite, á Confraría de Pescadores da Guarda, *Proposta de inicio do proceso selectivo, previsto no plan de xestión de equinodermos a pé para o período 2025-2027*, para a cobertura de dúas (2) vacantes existentes no plan de xestión.
3. O día 27.02.2026 a Confraría de Pescadores da Guarda presenta alegacións á proposta.
4. Os técnicos da Consellería do Mar emitiron os informes necesarios.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación, de conformidade co establecido no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro*, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo *Decreto 114/2007, de 31 de maio*, e polo *Decreto 48/2013, do 7 de marzo*.
2. O art. 17.2 do *Decreto 153/2019, do 21 de novembro*, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, indica que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, a Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.
3. A *Circular MA-01-2024*, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan instrucións para a presentación dos plans de xestión de recursos específicos e de algas para o trienio 2025-2027, indica, no seu punto B.2.3. (*PARTICIPANTES. Planificación dos procesos selectivos para incorporar novos participantes*). "... Os departamentos territoriais poderán iniciar de oficio os procesos selectivos, o que redundará nunha maior axilidade na incorporación dos novos permisos aprobados. Todo isto, sen prexuízo de que con anterioridade ao inicio do proceso, tivera lugar unha alteración das circunstancias da explotación, que motivase unha adaptación".
4. Segundo se indica no apartado "*Número máximo de participantes*" da ficha do *plan de xestión de equinodermos a pé*, aprobado á Confraría de Pescadores da Guarda, para o período 2025-2027:

O número máximo de participantes neste plan é de 9. O actual número de permisos en vigor é de 8. Poderanse cubrir as vacantes que se produzan ata chegar a este número mediante a convocatoria dun proceso selectivo no segundo semestre de cada ano, segundo o establecido no artigo 17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro. Este plan é complementario do plan de percebe a pé e, mentres o recurso o permita, non se deben baixar participantes (axudan a chegar o salario mínimo que non se acada no plan de percebe).

No momento actual, hai sete (7) participantes neste plan de xestión, polo que existen **dúas (2) prazas vacantes** para exercer a actividade. No segundo semestre do ano 2025 xa figuraban estas



prazas vacantes no plan de xestión, aínda que a Confraría de Pescadores da Guarda non solicitou a súa cobertura.

Unha vez rematada a renovación dos permisos de explotación e actualizados os datos de participantes nos plans, a principios deste ano 2026, dende a xefatura de desenvolvemento pesqueiro, do Departamento Territorial de Vigo, remitiúselles (20.02.2026) á Confraría da Guarda unha **proposta de inicio de proceso selectivo**, de oficio, có obxectivo de realizar “... un **proceso selectivo no mes de marzo**, para cubrir as **dúas (2) prazas vacantes** existentes, o que redundará nunha maior axilidade na incorporación dos novos permisos. Todo isto, sen prexuízo de que, con anterioridade ao inicio do proceso, tivese lugar unha alteración das circunstancias da explotación, que motivase unha modificación da proposta”.

5. As alegacións presentadas pola Confraría de Pescadores da Guarda (27.02.2026), mediante escrito asinado polo Patrón Maior, solicitan:

- “A Apertura dunha praza vacante para cubrir ata 8 prazas do censo.
- Ampliar o censo ata as 8 mariscadoras como se ven demandando dende fai anos, deixando sen selección a novena praza vacante”.

Basean estas alegacións na diminución anual de capturas, pola baixada da abundancia da poboación de ourizo, e porque na Asemblea Xeral do plan de xestión (17.09.2024) acordouse non cubrir a vacante.

6. Respecto desta resposta da Confraría de Pescadores da Guarda, emitida como xustificación, atopamos que o acordo referido no seu escrito, efectivamente foi presentado no seu día neste Departamento Territorial, aínda que corresponde ao plan de xestión aprobado para o trienio 2021-2024 (PE 410A 2021/37-5), **non vixente** na actualidade.

7. Dos informes emitidos polos técnicos da Consellería do Mar conclúese que, o incremento de dous (2) participantes sobre o número actual, tal e como está establecido no plan vixente, non suporía alteración significativa das poboacións dos bancos explotados, nin sobre as capturas individuais, nun plan **complementario** ao do percebe, polo que, mentres o recurso o permita, non se deben baixar participantes:

- Salvo que se acorde a adaptación do plan de xestión, o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo incrementará as prazas vacantes, ata acadar o número máximo aprobado no plan de xestión (Art.17.2 do Decreto 153/2019, do 21 de novembro).
- Na ficha que aproba o plan indícase que o número máximo de participantes é de 9, que é complementario do plan de percebe a pé e, mentres o recurso o permita, non se deben baixar participantes (axudan a chegar o salario mínimo que non se acada no plan de percebe).
- A Confraría de Pescadores da Guarda non ten persoal técnico (Asistencia Técnica) que poda presentar e avaliar datos da situación do recurso que xustifiquen o argumento das súas alegacións de que “o estado do recurso cada vez atópase peor”.
- Sendo un recurso complementario, do que se obteñen ingresos moi superiores ó SMI, e tendo en conta que co recurso principal (percebe a pé) non se obtén o SMI, semella razoable que non deban perderse permisos de extracción de ourizo mentres a situación do recurso o permita (tal e como se recolle nas consideracións da ficha que aproba o plan).
- A talla media das capturas mantense estable, moi por riba da mínima legal, que non debera supor alteración no plan, mentres se manteña un bo seguimento da explotación.

7. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula, nos artigos 9 a 15, o procedemento para a obtención do permiso de explotación a pé para recursos específicos.



8. O Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo é o órgano competente para resolver o outorgamento dos permisos de explotación, de acordo co establecido no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro*, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo *Decreto 114/2007, do 31 de maio*, e polo *Decreto 48/2013, do 7 de marzo*.

Á vista do exposto, atópase xustificada a cobertura das dúas (2) prazas vacantes para chegar ao número máximo establecido no plan aprobado. Este Departamento Territorial, **RESOLVE**:

Convocar o proceso selectivo para a cobertura de **dúas (2) prazas vacantes** de participantes no *plan de xestión de equinodermos a pé*, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da Confraría de Pescadores da Guarda. As bases desta convocatoria están recollidas no **ANEXO A**.

De conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 (sección 2ª do capítulo II) da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta Resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Conselleira do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó da notificación.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO A

BASES DA CONVOCATORIA

I. NORMAS XERAIS

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura de **dúas (2) prazas vacantes** existentes no *plan de xestión de equinodermos a pé* (PE410A 2024/48-5) da Confraría da Guarda.

Este proceso vai **dirixido a aquelas persoas con permiso de percebe a pé vixente, que participen no plan específico de explotación de percebe na modalidade a pé** da Confraría da Guarda aprobado para o trienio 2025-2027.

I.1. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

De acordo co disposto no artigo 17 do *Decreto 425/1993, do 17 de decembro*, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo *Decreto 48/2013, do 7 de marzo*, así como no disposto no artigo 9, da *Orde, do 30 de decembro de 2015*, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para obter o permiso de explotación para recursos específicos a pé, a persoa solicitante deberá cumprir, na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento de expedición do permiso de explotación, os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadado nun municipio do litoral de Galicia.
- b) Ser maior de 18 anos, ou menor emancipado, e non superar a idade exixida para ter dereito á pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva, conforme ao previsto na normativa da seguridade social.
- c) Non estar incapacitada/o para exercer os labores de marisqueo.
- d) Non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares, nin perceptor da renda de integración social de Galicia.

I.2. SOLICITUDES, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As persoas que desexen presentarse ao proceso selectivo, deberán facelo constar mediante unha instancia que se axustará ao **modelo normalizado PE401B** dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/es/detalle-procedemento?codtram=PE401B>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

As solicitudes **dirixiranse ao Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo e presentaranse preferiblemente por vía electrónica**, directamente ou, a través das entidades asociativas do sector, **no prazo de quince (15) días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios dos Departamentos Territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores da Guarda e das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía e Pontevedra.



Xunto coa instancia presentarase a seguinte **documentación**:

1) Xustificante de ter aboadas as taxas correspondentes.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas sen o selo da entidade bancaria con indicación da data determinará a **exclusión** do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

Poderase descargar o modelo de autoliquidación de taxas dende a páxina web da ATRIGA [CIDADÁNS \(atriga.gal\)](https://atriga.gal), cubrindo o modelo cos seguintes códigos e importe:

Consellería: 12-MAR

Delegación: 41-VIGO

Servizo: 06-RECURSOS MARINOS

Taxa: 301701-EXPEDICIÓN OU DUPLICADO DE PERMISOS DE EXPLOTACIÓN

Importe: 10,06 euros

2) Copia do Documento Nacional de Identidade

Esta copia só se presentará no caso de non acreditar consentimento expreso para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos, de acordo co *Decreto 255/2008, do 23 de outubro*, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización dos medios electrónicos, e a *Orde, do 7 de xullo de 2009*, pola que se desenvolve o antedito decreto.

3) Copia da **documentación**, que acredita cada un dos criterios a ter en conta, segundo o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para a valoración das solicitudes presentadas:

3.1) Demandante de emprego:

Ao ser unha convocatoria dirixida aos participantes en activo do plan de percebe, a puntuación neste apartado non será baremada.

3.2) Formación:

- Copia dos diplomas, acreditacións ou certificados de asistencia a **cursos relacionados coas materias indicadas no baremo**. Só se valorarán aqueles cursos que estean **finalizados na data de publicación da convocatoria** e que figuren **inscritos no catálogo de actividades formativas**, de conformidade co establecido no **ANEXO C (última actualización en maio de 2025)**.

- **Titulación académica**. Copia acreditativa da titulación.

3.3) Experiencia profesional:

- Copia dos **permisos de explotación para marisqueo a pé para recursos específicos e/ou para marisqueo a pé**, nos dous últimos anos anteriores á data de publicación da convocatoria. **Esta copia non será necesaria no caso de asinar a autorización da consulta das certificacións profesionais.**

- **Certificado, da autoridade marítima competente, dos enroles** como percebeiro en embarcacións con esta modalidade no seu permiso de explotación, nos dous anos anteriores á data de publicación da convocatoria.

Ademais de presentar estes enroles, deberá achegar tamén certificación, da autoridade marítima competente, dos **despachos** da/s embarcación/s na que figure o solicitante, correspondente aos dous anos anteriores á data de publicación da convocatoria.



3.4) Documento **actual de empadramento***, no que conste a **antigüidade**, nun concello do ámbito territorial da Confraría da Guarda (O Rosal, A Guarda, Oia).

** Este documento presentárase no caso de non acreditar o consentimento expreso para comprobar os datos mediante consulta ao sistema de verificación de datos de residencia, de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o Departamento Territorial poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á publicación da Resolución provisional.*

4) **Declaración responsable** de que cumpre os requisitos esixidos no artigo 17 c), e), f) e g) do Decreto 425/1993, do 17 de decembro (**incluída no modelo de solicitude**).

I.3. EMENDA DA SOLICITUDE

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, de acordo co disposto no artigo 68 da *Lei 39/2015, do 2 de outubro*, de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que a emenden nun prazo de dez (10) días hábiles, con indicación de que, se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha Resolución expresa.

Por se tratar dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 2 de outubro*, a notificación realizarase mediante publicación na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía e Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores.

II. BAREMACIÓN E LISTA PROVISIONAL

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos serán admitidas ao proceso selectivo e serán baremadas consonte á *Resolución do 4 de maio de 2016*, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que figura como ANEXO B da presente convocatoria.

A cualificación do proceso selectivo determinarase pola suma das puntuacións obtidas nos distintos conceptos baremables (agás a valoración do desemprego).

Tras baremar as solicitudes, o Departamento Territorial publicará unha Resolución coas relacións provisionais de admitidos e excluídos, con indicación da puntuación acadada por cada unha das persoas admitidas. Na relación de excluídos recolleranse as causas de exclusión.

Esta Resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Consellería do Mar. Tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Vilagarcía e Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores.

Concederáselles ás persoas interesadas un prazo de **quince (15) días hábiles**, a efectos de **presentación das alegacións** que se consideren oportunas, as cales, **non se contestarán expresamente** de xeito individualizado, pero poderán terse en conta para a puntuación definitiva.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos esixidos, os interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.



III. LISTAXE DE PERSOAS SELECCIONADAS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

III.1. Listaxe de persoas seleccionadas.

No suposto de empate nas puntuacións dos aspirantes resolverase consonte ao disposto na Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (**ANEXO B**).

Rematado o proceso selectivo, o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo emitirá unha Resolución, que será publicada nos mesmos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no apartado I.4, coa relación definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuacións acadadas, así como daquelas que non o superaron.

Aquelas persoas que non superaron o proceso selectivo, integrantes da lista de non seleccionados, constituirá a lista de reserva. **A lista de reserva terá unha vixencia dun (1) ano**, que se contará dende o día seguinte á data da Resolución definitiva do Departamento Territorial.

III.2. Presentación de documentación.

As persoas seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a documentación acreditativa que xustifique os aspectos recollidos no apartado I.1. desta convocatoria, a), b), c) e d), agás consentimento expreso da persoa interesada para que a Consellería do Mar consulte estes datos. De non facerse no prazo establecido, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste suposto, emitirase unha nova resolución, modificando esta, consonte cos prazos e coa forma contemplados nos parágrafos anteriores, declarando seleccionadas as seguintes persoas da lista de non seleccionados.

IV. OUTORGAMENTO DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN

De acordo co disposto no *Decreto 425/1993, do 17 de decembro*, e a *Orde, do 30 de decembro de 2015*, as persoas seleccionadas que presentaron a documentación dentro do prazo establecido, para o outorgamento do permiso de explotación deberán cumprir, ademais:

- a) **Estar en posesión do certificado profesional correspondente.** As persoas que estean en posesión da certificación profesional achegarán a documentación que así o acredite, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para a consulta destes datos.
- b) **non ter sancións firmes** en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- c) **Non ser armador/a dunha embarcación** que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu plan de explotación.
- d) **Non ter acreditación de tripulante habilitado** para a explotación de percebe nunha embarcación.

O Departamento Territorial ditará Resolución concedendo ou denegando o permiso de explotación de equinodermos na modalidade de a pé, conforme ao establecido no artigo 6 do *Decreto 425/1993, do 17 de decembro de 2013*.

